

SUBIDA VÍDEOS PLATAFORMA MISQUAD

NORMATIVA:

Infórmase de que na Asemblea xeral ordinaria celebrada o 6 de xullo de 2019 en Santiago de Compostela, tal e coma figura na circular 11, acordouse a obriga por parte dos clubs de gravar os encontros das categorías sénior e división de honra de todas as categorías. A proposta partiu da Federación Galega de Balonmán coa seguinte intención:

- Dotar á FGBm. e aos clubs de contidos audiovisuais para a mellora da promoción do balonmán.
- Permitir unha ferramenta clara de mellora no traballo do colectivo arbitral, dos/as técnicos/as e dos/as propios xogadores/as.
- Facilitar o seguimento de xogadores/as dende a área técnica da FGBm.
- Dotar ao Comité de Competición, ao Comité Técnico de Árbitros e ao Departamento de Competicións da posibilidade de comprobación de erros, incidencias e problemas xurdidos durante os encontros.
- Etc...

Na citada Asemblea falouse de limitar a menos categorías esta medida, ao igual que se lle ofreceu aos clubs a posibilidade de que a penalización non fose económica sempre e cando garantizase o cumprimento da norma. Ao non producirse acordo nin xurdir ningunha medida sancionadora alternativa á económica, por parte dos asistentes, a proposta aprobouse para as categorías anteriormente citadas coa pertinente penalización económica en caso de incumprimento.

SITUACIÓN ACTUAL:

A día de hoxe o Comité de Competición da Federación Galega de Balonmán resolveu varios apercebimentos por non subir en tempo e forma os encontros (antes do xoves

posterior á disputa do encontro ás 20:00 horas e nun único arquivo), xa que dende o comité entenden que o comezo da tempada está a ter varios cambios importantes para os clubs e que debe amosar certa flexibilidade nas primeiras xornadas para facilitar a adaptación á nova normativa.

Na actualidade a Federación Galega de Balonmán está a recibir numerosas queixas por parte de clubs que cumpren rigurosamente coas medidas aprobadas na Asemblea, ditos clubs suben os seus vídeos e non poden acceder aos dos equipos rivais. Por este motivo, porque hai moitos equipos de 2ª categoría que xa están a facelo de xeito voluntario e por considerar que dende o 6 de xullo de 2019 houbo tempo suficiente para adaptarse a esta nova norma, dende a presente semana, o Comité de Competición da Federación Galega de Balonmán non amosará flexibilidade en canto á normativa de subida de vídeos e comezará a aplicar ao 100% o acordo de Asemblea.

Rogamos que se insista en que un despiste non é unha xustificación para o non cumprimento da norma, ao igual que calquera problema técnico non demostrable de xeito obxectivo.

En Vigo a 17 de outubro de 2019.

